

CONCELLO DE VIGO



Memoria anual de Transparencia e Bo Goberno

2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15


Páxina 1 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Antecedentes.....	6
1. PUBLICIDADE ACTIVA.....	10
1.1 Ampliación contidos publicados.....	12
1.2 Ampliación contidos de acceso directo.....	22
1.3 Outras novidades.....	27
1.4 Análise de resultados.....	29
2. PUBLICIDADE PASIVA.....	40
2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2020.....	41
2.2 Datos estatísticos.....	44
3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE.....	48
3.1 Boas prácticas.....	48
3.2 Elaboración e aprobación do Catálogo de procedementos do Concello de Vigo.....	67
3.3 Plan de integridade na contratación.....	70
.....	70
4. PLAN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA TRANSPARENCIA E O BO GOBERNO.....	79
5. TRANSPARENCIA MUNICIPAL NA CONTORNA DA COVID-19.....	86
6. CONCLUSIÓNS.....	91

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 2 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Introdución

Trala aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, o concello de Vigo intensificou a implantación e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia e integridade. O reforzo realizado nestes aspectos proporcionou excelentes resultados á administración municipal, resultados que quedaron patentes nas sucesivas avaliacións efectuadas por Transparencia Internacional España, no Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA), así como na obtención de diferentes premios e distincións ao longo destes anos. En particular, durante o ano 2020 destaca a obtención de recoñecementos tales como o premio CNIS2020 na categoría de "Mellor proxecto de adecuación á Lei de Contratos do Sector Público" polo [Plan de Integridade na contratación](#) e o premio CEMCI IV Edición na categoría de "Prácticas municipais exitosas" polo [Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno](#).

No seu compromiso coa execución das políticas públicas no ámbito da transparencia e o bo goberno, o Concello de Vigo deu un paso decidido coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30 de marzo de 2015, na "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da *Federación Española de Municipios y Provincias*, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015 de adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión e na rendición de contas, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

Neste exercicio de rendición de contas tívose en conta un feito determinante da xestión municipal no ano 2020, como é que con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia e por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse, para o conxunto do Estado, o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con efectos dende a súa data, situación que rematou en data 21 de xuño, en virtude do disposto no Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño. Estado de alarma que foi novamente declarado por Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 3 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Nesta memoria compílanse e avalíanse os traballos na materia, en torno aos seguintes eixos:

- No primeiro punto "**1. Publicidade Activa**" expóñense as principais tarefas en canto a difusión da información municipal. O dito labor realízase a través da canle principal coa que se conta para este propósito, a plataforma electrónica de datos formada polo Portal de Transparencia co apoio do Portal Web e Sede Electrónica.
- No segundo punto "**2. Acceso á Información Pública**" contémplanse todas as novidades que presenta o novo espazo dixital creado para a difusión e coñecemento deste dereito, así como a experiencia no exercicio do dito dereito pola cidadanía.
Ademais dos contidos agregados, achéganse as estatísticas recollidas en base ás solicitudes de acceso á información pública recibidas ao longo do 2020 e as resolucións que as contestan para poder apreciar o nivel de reacción deste Concello ante as peticións específicas da veciñanza.
- O terceiro punto "**3.- Bo Goberno e Integridade**" versa sobre aquelas accións executadas atendendo aos principios de ética na gobernanza pública e amparo de medidas concretas encamiñadas á consecución dos principios transformadores da administración que recolle a LTBG. O contido artéllase en torno ás boas prácticas municipais que foron recoñecidas como tal pola "*Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana*" da FEMP, boas prácticas que no seu conxunto se recollen no catálogo exposto. Pecha este



apartado coa información relativa ao Plan de Integridade na Contratación Pública (PIC VIGO) e que constitúe unha iniciativa pioneira para alcanzar os máis elevados estándares de integridade na xestión da contratación municipal, así como de eficacia e eficiencia mediante a súa racionalización.

- No cuarto punto "**4,- Desenvolvemento Plan de seguimento e avaliación da Transparencia e o Bo Goberno municipal**", abórdase a execución, durante o ano 2020, do plan, despregando toda a súa actividade .
- No quinto punto "**5,- Transparencia municipal na contorna da crise sanitaria Covid-19**", abórdase o impacto da pandemia na transparencia e no acceso á información sobre a xestión pública.

Conclúe a memoria cunha análise en datos da relevancia das informacións publicadas no Portal de Transparencia, así como coa proxección para o ano 2021 de accións futuras de seguimento e desenvolvemento do labor aquí reflectido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 5 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Antecedentes

Adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP

Dando continuidade ao seu compromiso coa administración electrónica, participada e aberta, e en correspondencia ao liderado de coordinación dos traballos de revisión do Código en 2015, o Concello de Vigo adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP mediante acordo plenario de data de 30.11.2015, incorporando esta expresión ao ordenamento xurídico municipal e buscando a satisfacción das demandas éticas e democráticas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables políticos, en canto depositarios dun mandato representativo cidadán, na súa utilidade e eficacia como instrumento de reforzo da ética na xestión municipal.

Esta difusión se leva a cabo a través do Portal de Transparencia, onde o Código de bo goberno conta cun apartado propio para fomentar o seu coñecemento e facilitar a cidadanía poida ser consciente da responsabilidade asumida polo seu concello e á vez fiscalice os compromisos concretos e o seu cumprimento.

Actualmente o Concello de Vigo é a única gran cidade galega adherida ao Código de Bo Goberno da FEMP



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 6 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobación do programa de actuación para a implantación efectiva da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

O Concello de Vigo, conta cun programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, deseñando unha actuación global da área de Recursos Humanos e Formación, do Servizo de Administración Electrónica e da Secretaría de Goberno Local, baixo o impulso e dirección política da Concellería-delegada de Xestión Municipal.

Nun momento inicial fixouse como data de inicio do programa do día 01.02.2017 e data de finalización do mesmo o día 01.02.2020; aínda que actualmente e ante a necesidade de impulsar o programa na dimensión de avaliación e seguimento para a efectiva rendición de contas, atópase prorrogado até o 01.02.2021.

A virtualidade do devandito programa é a da prestación de apoio eficaz aos servizos transversais propoñentes, a fin de cumprimentar a garantía mínima de funcionamento conforme ao marco legal vixente en ámbitos materiais profundamente especializados, cuxo funcionamento permanente, con arranxo a criterios de calidade na prestación do servizo, debe ser unha prioridade para o funcionamento da totalidade da organización. O programa conta coa seguinte dotación de medios persoais:

- 1 Auxiliar de administración xeral
- 1 Programador Informático
- 1 Técnico de Xestión
- 1 Programador web

Con data 08.04.19 produciuse a renuncia do programador informático asignado ao Programa, praza que foi cuberta novamente o 16.07.19 mediante o nomeamento interino por execución de programa de carácter temporal dun novo programador informático.

Froito dos labores desenvolvidas no marco do "Programa de Actuación para a Implantación Efectiva das Previsións Contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno" e coa implicación de toda a administración municipal, avanzouse decididamente na implantación dunha cultura de transparencia plena. Un dos resultados das actuacións e iniciativas desenvolvidas polo persoal integrante do Programa de Transparencia municipal co apoio de todos os servizos municipais foi a puntuación alcanzada no Índice *de Transparencia de los Ayuntamientos (ITA)* para o ano 2017, no que o Concello de Vigo acadou unha puntuación de 98,8 puntos sobre 100, o que o sitúa en terceiro lugar no ránking nacional.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 7 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



AYUNTAMIENTO DE VIGO
PUNTUACIONES OBTENIDAS EN EL ITA 2017

ÁREAS DE TRANSPARENCIA	PUNTUACIÓN MEDIA (Entre 1 y 100)
TRANSPARENCIA GLOBAL:	98,8
A) TRANSPARENCIA ACTIVA E INFORMACIÓN SOBRE LA CORPORACIÓN MUNICIPAL	95,2
B) PÁGINA WEB, RELACIONES CON LOS CIUDADANOS Y LA SOCIEDAD, Y PARTICIPACIÓN CIUDADANA	100,0
C) TRANSPARENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	100,0
D) TRANSPARENCIA EN LAS CONTRATACIONES, CONVENIOS, SUBVENCIONES Y COSTES DE LOS SERVICIOS	100,0
E) TRANSPARENCIA EN MATERIAS DE URBANISMO, OBRAS PÚBLICAS Y MEDIOAMBIENTE	100,0
F) DERECHO DE ACCESO A LA INFORMACIÓN	100,0

Elaboración e aprobación das Memorias de Transparencia

Como unha práctica de reforzo ás políticas públicas municipais en materia de transparencia e integridade, considerouse conveniente implantar como un instrumento de rendición de conta ofrecendo á cidadanía toda a información sobre a xestión municipal en materia de transparencia dun xeito claro, sistemático e estruturado.

As actuacións executadas en materia de transparencia atópanse recollidas nas dúas memorias aprobadas ata o momento:






[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2017-2018](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 31.01.2019.

[Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2019](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data de data 30.01.2020.



Memoria transparencia e bo goberno-2019



-  [Memoria transparencia e bo goberno-2019](#) -  Ver en odt
-  [Texto integro do acordo de aprobación](#)
- [Ver memorias anteriores](#)
-  [Memoria transparencia e bo goberno-2017/2018](#) -  Ver en odt

 [Texto integro do acordo de aprobación](#)

Como consecuencia inevitable das actuacións desenvolvidas nos diferentes ámbitos mencionados, foron xurdindo novas iniciativas as que se lles deu continuidade ao longo do ano 2020 polo persoal integrante do Programa de Transparencia municipal co apoio de todos os servizos municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 9 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1. PUBLICIDADE ACTIVA

Seguindo co mandato legal, e cumprindo co prazo de dous anos que prevía a Lei 19/2013 para que as Administracións Locais adáptanse ao seu contido, en decembro de 2015 xa estaba en funcionamento o Portal de Transparencia do Concello de Vigo recollendo a publicidade activa de todos os indicadores establecidos nos artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia, así como unha gran cantidade de información a disposición do conxunto da cidadanía, desde a consideración de que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os principios fundamentais de toda acción política, reforzando así a confianza da cidadanía mediante o acceso á información relativa á actividade da Administración; información que será máis valiosa canto máis actualizada se presente.

En concreto, os artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia establecen como materias que deben ser obxecto de publicación activa:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia xurídica.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

Aos que se debe engadir a publicidade relativa ao Inventario de Actividades de Tratamento, en cumprimento do disposto no artigo 6 bis introducido pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

A información relativa aos ámbitos sinalados pola normativa atópase toda incluída e ampliada nas categorías de datos que estruturan o Portal de Transparencia, tras do procedemento de revisión do portal levado a cabo durante o ano 2019:

1. Información institucional
2. Recursos Humanos
3. Normativa e información de relevancia xurídica
4. Información económica
5. Axudas e Subvencións
6. Patrimonio
7. Contratos
8. Urbanismo, Obras Públicas e Medio ambiente
9. Información e Atención á cidadanía
10. Planificación, avaliación e calidade





Deste xeito, a través do Portal de Transparencia (<http://transparencia.vigo.org>) o Concello de Vigo dá cumprimento ás obrigacións en materia de publicidade activa derivadas da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, á vez que se configura como un portal para o exercicio do dereito de acceso á información pública, e como canle de información en relación co funcionamento ordinario do Concello e todos os aspectos relativos á xestión municipal, recollendo as obrigacións sectoriais procedentes doutras normativas, así como as derivadas da lexislación básica en materia de réxime local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 11 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



1.1 Ampliación contidos publicados

Da análise e revisión continua que se realiza da información dispoñible no **Portal de Transparencia do Concello de Vigo** no marco do desenvolvemento do Plan de Seguimento e Avaliación da transparencia e o bo goberno municipal, así como en atención aos indicadores da demanda cidadá en determinadas materias, ao longo do ano 2020 o Portal de Transparencia do Concello de Vigo foi ampliado significativamente tanto no seu contido como nos formatos nos que esta é accesible dando así continuidade ao obxectivo de impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, e a súa reutilización.

Axudas e subvencións

Como resultado dos traballos de análise estatístico de uso do Portal de Transparencia que se realizan anualmente de xeito paralelo á elaboración da Memoria anual, un dos indicadores que se revelou de grande interese para a cidadanía foi o indicador de transparencia 62, relativo ás **Subvencións e axudas públicas**.

Este indicador tivera un incremento do 493% dos accesos no período de tempo de funcionamento do Portal de Transparencia(2016-2019), o que motivou a revisión do seu enfoque e contido.




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 12 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		


TRANSPARENCIA




5.1 Axudas e subvencións

62. Subvencións e axudas públicas

 Convocatorias de subvencións e axudas públicas do Concello de Vigo
Con indicación da data de publicación e o prazo de solicitude.

 Publicación de convocatorias de subvencións no Portal de Transparencia de Subvencións do Estado
Publicación de convocatorias de subvencións na Base Nacional de Subvencións.

 Listaxe de subvencións directas e por concurrencia
Listaxe de subvencións directas e por concurrencia

Dado o interese crecente nesta materia trazouse como obxectivo por a disposición do público toda a documentación administrativa xerada en cada un dos procedementos de xeito ordenado e sistematizado.

A información deste indicador está vinculada á sede electrónica, polo que a súa modificación fíxose en coordinación co departamento de Administración electrónica. Como fonte de datos emprégase directamente a aplicación de xestión de expedientes utilizada para a tramitación administrativa pola organización municipal. O subministro da información relativa ás subvencións e axudas públicas está polo tanto totalmente automatizado, asegurando así a súa actualización e a integridade dos contidos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 13 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>














Convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Casco Vello (fase 17ª), Bouzas (fase 12ª) e rúas Bueu e Moaña de Coia (fase 4ª).

Convocatoria

» **Prazo solicitudes:** 23/06/2020 - 06/08/2020

Documentación

- »  Bases publicadas no BOP (15/06/2020).
- »  Delimitación dos ámbitos (15/06/2020).
- »  Solicitud de información e visita (15/06/2020).
- »  Solicitud oficial de axudas (15/06/2020).
- »  Relación de propietarios nos gastos da obra do edificio (15/06/2020).
- »  Cadro de orzamento (15/06/2020).
- »  Cadro de gastos (15/06/2020).
- »  Comunicación de inicio de obras (15/06/2020).
- »  Nomeamento representante (15/06/2020).
- »  Declaración de outras axudas (15/06/2020).
- »  Declaración responsable de ingresos (15/06/2020).



Sección últimos datos actualizados

Debido a importante ampliación dos contidos publicados, lembremos que durante os anos 2018 e 2019 aumentáronse o número de indicadores de transparencia pasando de 111 a un total de 158, e co gallo de facilitar a experiencia dos usuarios do Portal de Transparencia, considerouse necesario incorporar un apartado onde, de xeito automatizado, se recollesen os últimos ítem de información actualizados.

Deste modo, ademais da referencia individualizada da data de actualización que conteñen os datos publicados no Portal de transparencia, nun primeiro acceso e sen necesidade de navegar polas diferentes categorías de datos, xa se ten dispoñible a última información actualizada no Portal.

Os últimos datos actualizados preséntanse nunha dobre vertente; por unha banda como enlace ao indicador orixe dos datos, e por outra como o correspondente arquivo directamente descargable.

Avallación da Transparencia + Bo goberno e integridade + ODS +

goberno do Concello de Vigo

Ins Covid-19

ro de 2021

4. Información económica

5. Axudas e Subvencions

Inscripción - Newsletters

Últimos datos actualizados:

- 126/ Planificación da contratación do Concello de Vigo do ano 2021
- 126/ Plan anual de auditorías e control financeiro
- 126/ Plan anual normativo do Concello de Vigo para o ano 2021
- Control interno e fiscalización
- 154/ Información estatística de solicitudes de acceso á información pública (Formato PDF)

Transparencia


- Presentación
- Lei de transparencia
- Publicidade activa



Solicitudes de acceso á información pública (SAIP)

A definición do dereito de acceso á información pública realizado pola Lei 19/2013 foi unha das materializacións máis significativas do principio de transparencia na administración pública e converteuse nunha ferramenta máis, complementaria ás obrigas de publicidade activa, para dar acceso á cidadanía á información na que se sustenta á actividade das institucións públicas.

Debido a que a regulación referente a este dereito é relativamente recente, o nivel xeral de coñecemento e o seu exercicio por parte da cidadanía tivo un aumento progresivo ao longo dos anos como reflicten as estatísticas de solicitudes presentadas no Concello de Vigo se ben no ano 2020 obsérvase un cambio de tendencia.



Con carácter previo á análise da información relativa a este apartado cómpre sinalar que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, contemplaba a suspensión dos prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, nos termos definidos pola LPAC, suspensión que, tal e como se confirmou pola **Abogacía del Ministerio de Política Territorial y Función Pública** e da **Abogacía General del Estado** en respectivos informes sobre a suspensión de prazos das solicitudes de acceso á información pública.

Por mor da situación especial vivida neste ano derivada da crises sanitaria polo covid-19 é difícil valorar os cambios de comportamento da cidadanía e haberá que esperar a analizar os rexistros dos próximos anos para ver se se restablece a tendencia alcista.



O tratamento das solicitudes de acceso á información pública é unha cuestión prioritaria para facer do novo concepto da administración como organización transparente unha realidade, e na administración municipal considérase tan importante o seu tratamento como a difusión da información que xeran. Por este motivo no ano 2020 a información que xa estaba dispoñible en forma de informes mensuais co detalle do número de solicitudes presentadas, resoltas, sentido da resolución etc., engadiuse a publicación das resolucións íntegra.

SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Solicita	Data	Consulta	Servicio Resolución	Envío da Notificación
2020				
JYU	15.12.20	Solicitud copia acordo pleno 16.10.1995 aprobación definitiva ?ampliación do catálogo anexo ao PEEC?.	Secretaría Xeral /Estimada 21.12.2020	En Prazo 23.12.2020
BRL	19.11.20	Textos das convocatorias de provisión das prazas fixas de Técnico de Deportes (Director deportivo-Xefe unidade tec. Deportiva IMD) realizadas ata a actualidade polo Concello de Vigo, así como as actas	Recursos Humanos /Desistimento da interesada	Fóra de Prazo
ODB	24.10.20	Solicitud de información sobre as notificacións practicadas polo Concello de Vigo e demais entes de dereito público no último ano.	Administración electrónica /Estimada 24.11.2020	En Prazo 24.11.2020
CONSTRUCCIONES GRIAL S.A.	28.09.20	Solicitan copia do acta do Pleno de data 15/11/1193.	Secretaría Xeral /Estimada 02.10.2020	En Prazo 21.10.2020
FBM	12.08.20	Estudios, informes ou calquera outra documentación de carácter económico, administrativo, ou de calquera outra índole, do período comprendido 2010-2019 e copia das tarifas vixentes cada ano desde 2010-	Dirección de ingresos /Estimada 07.09.2020	En Prazo 09.09.2020
GVM	11.08.20	Fecha publicación en sede electrónica do acordo da Xunta de Goberno de 5 de xuño de 2020, sobre a prórroga da concesión do transporte urbano á actual concesionaria.	Transportes /Estimada 31.08.2020	En Prazo 11.09.2020
PVP	09.08.20	Copia de supostos prácticos do segundo exercicio, documento do tribunal cos contidos mínimos que debía incluír a resolución dos anteditos supostos prácticos ou documentación semellante do proceso sele	Recursos Humanos /Estimada 28.08.2020	En Prazo 28.08.2020



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 17 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



1.2 Ampliación contidos de acceso directo

Como principal fonte de subministro de información ao Portal de Transparencia emprégase a aplicación de xestión de expedientes, aplicación da que se extraen de forma automatizada os documentos obxecto de publicación, asegurando así a súa integridade e actualización. Pero na procura do Concello de Vigo por ofrecer sempre información máis accesible e entendible, considérase que a publicación de datos a través de documentos administrativos ten que ir acompañada de contido en outros formatos que permitan unha presentación clara e comprensible dos indicadores que se van revelando como de maior interese.

Por este motivo, ao longo do ano 2020 fóronse ampliando os contidos en formato HTML, o que permite unha acceso sinxelo, inmediato e máis visual a determinados indicadores de transparencia e á información referente ao Plan de Integridade na Contratación.

Organigrama

TRANSPARENCIA



Órganos de representación de persoal

TRANSPARENCIA



2.3 Órganos de representación de persoal

31. Relación de órganos de representación de persoal

Mesa do Comité

oficina.comite@vigo.org

(Segundo acta de Constitución da Mesa do Comité de 27 de novembro de 2019)

Presidente:

Martínez Pampillón, Pergentino
(UGT – Persoal Funcionario)

Vicepresidente

Alonso Rodríguez, Enrique
(CCOO – Persoal Laboral)

Secretaria:

Alonso Regueiro, Iolanda
(CIG – Persoal Funcionario)

Vicesecretaria:

Amez Murás, Laura
(UGT– Persoal Funcionario)

Vogal:

Araújo Sánchez, Ángeles
(CCOO – Persoal Funcionario)

Orzamento municipal


TRANSPARENCIA



4.1 Información orzamentaria

46. Orzamento Municipal

INGRESOS



CAPÍTULO	%	CANTIDAD PRESUPUESTADA	CODIGO
IMPUESTOS DIRECTOS	42,63%	113.296.218€	2020/1
IMPUESTOS INDIRECTOS	3,28%	8.708.898,82€	2020/2
TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	15,11%	40.156.209€	2020/3
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	30,75%	81.735.182,76€	2020/4
INGRESOS PATRIMONIALES	1,01%	2.687.000€	2020/5
ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	0%	0€	2020/6
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6,98%	18.544.923,49€	2020/7
ACTIVOS FINANCIEROS	0,24%	646.000€	2020/8
TOTAL	100%	265.774.432,07€	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 19 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH




Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Estatísticas solicitudes de acceso á información pública

TRANSPARENCIA

10.4 Sistemas de transparencia municipal

154. Exercicio do dereito de acceso á información pública





1.3 Outras novidades

Posta funcionamento Newsletter

Na administración municipal tense unha concepción da transparencia que non se limita á publicidade da información, senón que se entende unida á procura da súa óptima difusión, obxectivo que orienta moitas das medidas e cambios introducidos, como por exemplo o aumento de contidos máis visuais e comprensibles en forma de gráficos aínda que sempre acompañados dos correspondentes documentos administrativos como orixe e datos.

TRANSPARENCIA

Newsletter

Suscríbete ao noso boletín e semanalmente enviaremosche información sobre novas

*Obrigatorio

Enderezo de correo electrónico *

Tu resposta

Nome *

Tu resposta

Categorías ás que quero subscribirme *

- 1. Información institucional
- 2. Recursos Humanos
- 3. Normativa e información de relevancia xurídica
- 4. Información económica
- 5. Axudas e Subvencións
- 6. Patrimonio
- 7. Contratos
- 8. Urbanismo, Obras Públicas e Medio Ambiente
- 9. Información e Atención a cidadanía
- 10. Planificación, avaliación e calidade

Lei y acepto la información básica sobre protección de datos personales - https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?dt=sede_lopd

Si

Enviar



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 21 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Como unha vía máis coa que aumentar a difusión do contido do Portal, durante o ano 2020 iniciouse o proceso de creación dunha newsletter do Portal de Transparencia.

Para o desenvolvemento deste novo instrumento de difusión aproveitouse parte da tecnoloxía desenvolvida para por en funcionamento o apartado dos últimos datos actualizados, o que posibilitou axilizar a súa produción.

Modificación información indicador de transparencia Plans e Programas

Un dos indicadores de transparencia que viu ampliado o seu contido considerablemente foi o relativo aos **Plans e Programas municipais**, xa que, en liña coa procura da eficacia e a eficiencia na actividade municipal, a planificación é unha ferramenta de traballo cada vez máis presente na entidade.

Para facilitalo acceso a toda a documentación nesta materia optouse por sistematizar a información agrupándoa por servizos para que a localización e consulta da información de interese para cada usuario do Portal sexa o máis sinxela posible.

TRANSPARENCIA

10.1 Planificación estratéxica

126. Plans e Programas

Xestión municipal
Organización municipal
Orzamentos e facenda
Administración electrónica
Contratación
Deportes
Festas
Todo

 Planificación da contratación do Concello de Vigo do ano 2021 <i>Aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/12/2020.</i> <i>Actualización (13/01/2021)</i>
 Planificación da contratación municipal do ano 2020 <i>Aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 27/12/2019.</i> <i>Actualización (10/01/2020)</i>






1.4 Análise de resultados

Unha das funcionalidades da elaboración desta Memoria consiste na realización dunha análise exhaustiva do historial de accesos ao Portal de Transparencia.

A recollida de datos que se fai a través do **Observatorio de transparencia** é a nivel individualizado, obtendo a información dos accesos concretos a cada un dos indicadores de transparencia, o que permite facer unha lectura moi precisa das materias que atraen máis a atención da cidadanía.

Os resultados obtidos deste estudo son unha información fundamental para proxectar modificacións e ampliacións do contido publicado co obxectivo de conseguir unha confluencia entre este e os intereses e inquietudes da cidadanía.

ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 23 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA

Ano 2016	44.495
Ano 2017	67.158
Ano 2018	87.867
Ano 2019	158.627
Ano 2020	111.333
Total	469.480

En termos absolutos, o número de accesos ao Portal de Transparencia municipal desde o ano 2016 é de 469.780.

VARIACIÓN INTERANUAL

Período 2016-2017	50,93%
Período 2017-2018	30,84%
Período 2018-2019	80,53%
Período 2019-2020	-29,81%

Observando os datos anuais que se reflicten no gráfico e táboa anteriores móstrase como os accesos globais ao Portal de Transparencia tiveron un crecemento continuo desde a súa creación até o ano 2020, ano no que se inviste a tendencia.

Esta circunstancia parece ter a súa orixe na situación social especial derivada da crise sanitaria orixinada polo virus covid-19 xa que o comportamento mensual dos usuarios do Portal de Transparencia parece responder á conxuntura colectiva. Os datos de accesos mensuais recollidos polo Observatorio de Transparencia mostran como por unha banda o mes de **maio do ano 2020** foi o mes con máis visitas desde a creación do Portal, con 14.017 accesos, mentres o mes de **xuño**, con 4.055 visitas, presenta nivel de accesos que non se daba desde xuño do 2017.

Accesos ao Portal de Transparencia



Atendendo aos accesos individualizados realizados a cada uns dos elementos publicados, os incrementos das consultas de cada indicador de información comparando os datos totais do ano 2016 cos accesos que se realizaron ao longo do ano 2020 aprécianse incrementos moi importantes, destacando precisamente o interese pola información relativa ao exercicio do acceso a información pública.

O cadro e o gráfico que se mostran a continuación recollen os datos relativos a algunhas das categorías de datos máis consultados no Portal de Transparencia a 31.12.20, comparados coas cifras totais do ano 2016.



ELEMENTO CONSULTADO	2016	2020	Variación
114. Dereito de acceso	3	1.468	48.833,33%
53. Período medio de pagamento a provedores	2	405	20.150,00%
128. Indicadores financeiros e patrimoniais	9	1.571	17.355,56%
23. Retribucións dos Grupos Municipais	68	1.558	2.191,18%
22. Outros órganos colexiados da Corporación	40	446	1.015,00%
46. Orzamento Municipal	154	1.213	687,66%
58. Autonomía fiscal	79	557	605,06%
72. Contratos de obras públicas en execución	175	1.221	597,71%
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electrónicamente polos cidadáns	181	1.241	585,64%
55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización	88	584	563,64%
69. Modificacións dos contratos públicos formalizados	198	1.262	537,37%
42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	159	988	521,38%
49. Modificacións orzamentarias aprobadas	85	527	520,00%
104. Medio Ambiente	174	1.055	506,32%



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 25 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Analizando o ránking dos 10 indicadores máis consultados no ano 2020 en números absolutos, obsérvase como a información relativa á organización municipal, con moito peso nos datos do 2019, estando entre os elementos máis consultados o Organigrama, a información relativa ao persoal eventual e o as retribucións dos membros da Corporación, vemos como no 2020 medrou o interese en materia financeira, orzamentaria e contractual.

RÁNKING 10 ELEMENTOS MÁIS CONSULTADOS EN 2020

128. Indicadores financeiros e patrimoniais	1.571
67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación	1.560
23. Retribucións dos Grupos Municipais	1.558
114. Dereito de acceso	1.468
16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación	1.279
69. Modificacións dos contratos públicos formalizados	1.262
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electrónicamente polos cidadáns	1.241
72. Contratos de obras públicas en execución	1.221
46. Orzamento Municipal	1.213
10. Retribucións dos cargos electos	1.202



Por outra banda, e atendendo ao incremento relativo das consultas entre o ano 2019 e o 2020 a cada un dos indicadores de transparencia revélase como a información relacionada coa administración electrónica, a transparencia, a participación cidadá e o medio ambiente foron as materias nas que máis aumentou o interese por parte da cidadanía coincidindo coa orientación adoptada polas institucións nos últimos ano e reflectindo así de xeito claro os ámbitos nos que facer un esforzo adicional á hora de redeseñar e ampliar os contidos do Portal de Transparencia.

ELEMENTO CONSULTADO	2.019	2020	Variación
125. Redes sociais	88	598	579,55%
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electrónicamente polos cidadáns	196	1.241	533,16%
158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos	173	994	474,57%
108. Vías de participación en funcións do Concello	170	864	408,24%
104. Medio Ambiente	218	1.055	383,94%
114. Dereito de acceso	371	1.468	295,69%
117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo	125	377	201,60%
115. Solicitud de acceso	127	296	133,07%
98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan	173	401	131,79%

ACCESOS TOTAIS A CADA UN DOS INDICADORES PUBLICADOS:

Accesos totais a cada un dos indicadores de transparencia do Portal de Transparencia durante o ano 2020:

Indicador de transparencia

Nº de accesos

1. Información institucional	2020
1. Organigrama	151
2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros	754
3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación	104
4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación	281
5. Normativa xeral aplicable ao Réxime local	700
6. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas	102
7. Datos biográficos e adscripción política do Alcalde e restantes membros da Corporación	786



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 27 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do Alcalde e restantes membros da Corporación	450
9. Réxime de dedicación dos cargos electos	127
10. Retribucións dos cargos electos	1.202
11. Rexistro de intereses	721
12. Regulamento Orgánico Municipal	398
13. Pleno	54
14. Comisións informativas	55
15. Ordes do día dos Plenos da Corporación	795
16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación	1.279
17. Xunta de Goberno Local	49
18. Ordes do día das Xuntas de Goberno	218
19. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local	82
20. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	211
21. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	240
22. Outros órganos colexiados da Corporación	446
23. Retribucións dos Grupos Municipais	1.558
24. Datos básicos de órganos descentralizados: Xerencia Municipal de Urbanismo	808
25. Información mandatos anteriores	92
2. Recursos humanos	
26. Relación de postos de persoal eventual da Corporación	642
27. Acordos e resolucións relativas ao persoal eventual municipal	105
28. Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións	1.118
29. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes	0
30. Persoal adscrito a Plans ou Programas temporais	55
31. Relación de órganos de representación de persoal	122
32. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes	600
33. Compatibilidades que afecten aos empregados públicos	422
34. Oferta de Emprego Público	499
35. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo	132



36. Criterios de xestión das listas de reserva	102
37. Masa salarial do persoal laboral laboral, nos termos previstos polo artigo 103 bis da LRBRL	87
38. Masa salarial do persoal funcionario, nos termos previstos polo artigo 7 do RD 861/1986	143
3. Normativa e información de relevancia xurídica	
39. Proxectos de Ordenanzas e Regulamentos locais	128
40. Achegas na fase de consulta pública, con indicación da súa incorporación posterior (no seu caso) ao Proxecto de Regulamentos	93
41. Achegas na fase de audiencia e información pública, con indicación da súa incorporación (no seu caso) aos Regulamentos ou Ordenanzas	92
42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	988
43. Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos	612
44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación	795
45. Inventario de actividades de tratamento	87
4. Información económica	
46. Orzamento Municipal	1.213
47. Alegacións formuladas aos Orzamentos	96
48. Informes de execución orzamentaria	115
49. Modificacións orzamentarias aprobadas	527
50. Estudos sobres custes/rendementos dos servizos públicos prestados	682
51. Obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda	92
52. Informes de morosidade aprobados polo Pleno	341
53. Período medio de pagamento a provedores	405
54. Liquidación do último exercicio	366
55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización	584
56. Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto na prestación dos servizos	125
57. Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade	374
58. Autonomía fiscal	557
59. Ingresos e gastos fiscais por habitante	85
60. Endebedamento por habitante	94
61. Contas Anuais e Conta Xeral	523
5. Axudas e subvencións	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 29 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

62. Subvencións e axudas públicas	358
6. Patrimonio	
63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello	455
64. Relación de vehículos oficiais	395
7. Contratos	
65. Composición de las mesas de contratación	704
66. Actas das mesas de contratación	741
67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación	1.560
68. Relación dos contratos menores realizados	200
69. Modificacións dos contratos públicos formalizados	1.262
70. Desistimento e renuncia de contratos públicos	56
71. Proxectos de obras públicas	71
72. Contratos de obras públicas en execución	1.221
73. Porcentaxe en volume orzamentario de contratos públicos adjudicados	774
74. Relación dos contratos adjudicados a través de centrais de contratación	155
75. Relación de convenios de colaboración subscritos pola Corporación	721
76. Encomendas de xestión	232
77. Relación de encargos a medios propios	230
78. Relación de obras executadas pola propia Administración	136
79. Transferencias de financiamento	139
8. Urbanismo, Obras públicas e Medio ambiente	
80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)	142
81. Análise e diagnóstico territorial (PXOU)	73
82. Documentación xustificativa (PXOU)	69
83. Documentación con eficacia normativa (PXOU)	99
84. Modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Urbana	761
85. Plan de Ordenación Pormenorizada	112
86. Documentos informativos e xustificativos	106
87. Documentos con eficacia normativa	83
88. Plans de Reforma Interior	53



89. Plans Parciais	106
90. Estudos de Detalle	99
91. Plans Especiais	84
92. Catálogo de Protección	129
93. Identificación das directrices de desenvolvemento territorial	76
94. Espazos que compoñen a Infraestrutura Verde municipal e urbana	115
95. Relación de actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa	120
96. Relación de actuacións suxeitas a licenza urbanística	59
97. Indicadores de sustentabilidade territorial	124
98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan	401
99. Rexistro municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar	239
100. Relación de convenios urbanísticos subscritos	605
101. Noticias de urbanismo	107
102. Identificación dos bens, recursos e dereitos integrantes do Patrimonio municipal do Solo	99
103. Destino dos bens integrantes do Patrimonio municipal do Solo	132
104. Medio Ambiente	1.055
9. Información e atención cidadá	
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electrónicamente polos cidadáns	1.241
106. Carpeta electrónica para consultar os expedientes tramitados electrónicamente polos cidadáns	84
107. Documentos sometidos a información e/ou exposición pública	298
108. Vías de participación en funcións do Concello	864
109. Caixa de correos de queixas e/ou suxestións	138
110. Avisos para a mellora dos servizos municipais (sen identificación)	78
111. Mapa da web	660
112. Motor de procura interno	1.149
113. Condicións de accesibilidade	142
114. Dereito de acceso	1.468
115. Solicitude de acceso	296
116. Seguimento da tramitación da solicitude por parte do interesado	346



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 31 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo	377
118. Reclamacións ante a Comisión de Transparencia de Galicia	73
119. Suxestións e Reclamacións	47
120. Rexistro de Asociacións veciñais	101
121. Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociacións veciñais	127
122. Indicación de axudas ou subvencións concedidas a Asociacións veciñais	127
123. Estatísticas persoas voluntarias	99
124. Estatísticas sobre o programa "Cumprimento das penas en beneficio da comunidade"	92
125. Redes sociais	598
10. Planificación, avaliación e calidade	
126. Plans e Programas	963
127. Indicadores de xestión	440
128. Indicadores financeiros e patrimoniais	1.571
129. Presión Fiscal	85
130. Aforro Neto	103
131. Indicadores de execución do orzamento de gastos e ingresos correntes e pechados	105
132. Superávit ou déficit por habitante	304
133. Gasto por habitante	306
134. Inversión por habitante	463
135. Esfuerzo inversor	183
136. Endebedamento financeiro por habitante	80
137. Endebedamento financeiro sobre ingresos correntes	84
138. Débeda orzamentaria por habitante	92
139. Cobertura gastos correntes	81
140. Autonomía	97
141. Indicador de infraestruturas	114
142. Fraccionamentos, expedientes, importe e xestión en vía de constrinximento	113
143. Indicador de ingresos urbanísticos	96
144. Carga financeira por habitante	88



145. Coeficiente de endebedamento	145
146. Dependencia financeira e de subvencións	105
147. Índice de cobertura	104
148. Índice de financiamento	84
149. Liquidez inmediata	92
150. Estatísticas do Portal de Transparencia	803
151. Política de Xestión de Documentos electrónicos	247
152. Regras e procedementos para a eliminación de documentos electrónicos	342
153. Política de Firma electrónica	84
154. Exercicio do dereito de acceso á información pública	962
155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública	392
156. Cartas de servizo	842
157. Compromisos de calidade	71
158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos	994

A información difundida no Portal de Transparencia a través dos diferentes indicadores de transparencia inspirados nas previsións legais en materia de publicidade vese completada por outra de carácter máis específica en materia de exercicio do dereito de acceso e relativa aos proxectos e traballos municipais no ámbito do bo goberno e a integridade.

As seccións adicadas ás Boas prácticas municipais, o Plan de seguimento e avaliación da Transparencia e o Bo goberno municipal e ao Plan de Integridade na Contratación tiveron ao longo do 2020 1.939 accesos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 33 de 81


Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. PUBLICIDADE PASIVA

Con carácter previo á análise da información relativa a este apartado cómpre sinalar que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, contemplaba a suspensión dos prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, nos termos definidos pola LPAC, suspensión que, tal e como se confirmou pola [Abogacía del Ministerio de Política Territorial y Función Pública](#) e da [Abogacía General del Estado](#) en respectivos informes sobre a suspensión de prazos das solicitudes de acceso á información pública.



2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2020


VigoZoo	Listado actualizado do número de especies e de individuos de cada especie albergados no Vigozoo...para cada un dos animais solicito o seguinte: Data de entrada, data de nacemento, data de morte, etc.
Medio Ambiente	Solicitud sobre a xestión das pombas urbanas de Vigo.
Urbanismo-Licenzas	Enderezo dos locais que solicitaron Licenza de obra ou comunicación previa para actividades de hostalería setembro 2019 a xaneiro 2020.
Seguridade e Mobilidade	Solicitud sobre o número de vehículos detectados por cada un dos radares de Vigo que desen lugar á tramitación dunha denuncia por exceso de velocidade, nos anos 2017, 2018 e 2019.
Seguridade e Mobilidade	Solicitud sobre o número de denuncias por exceso de velocidade tramitadas a partir dos datos de cada un dos radares de Vigo. solicito unha relación individualizada de cada cabina existente en Vigo.
Recursos Humanos	Relación de postos de traballo de: Concello de Vigo desde 1990 ata 2020 Xerencia Municipal de Urbanismo desde 1996, ata 2020.
Administración electrónica	Acceso á información pública sobre as ferramentas que utiliza o Concello para a tramitación electrónica de solicitudes e expedientes segundo o establecido nas leis 39/2015 e 40/2015.
Transportes	Copia do contrato asinado orixinariamente coa concesionaria para prestar o servizo de transporte urbano de Vigo (VITRASA). Así como as distintas prórrogas.
Seguridade e Mobilidade	Copia do contrato asinado inicialmente coa actual concesionaria do servizo de regulación de estacionamentos (ORA), así como as prórrogas do mesmo, en caso de que existiran.
Transportes	Copia do contrato de prórroga da concesión do servizo de transporte urbano que, segundo información publicada en prensa, asinou este último día.
Servizos Xerais	Solicitud de información sobre o proxecto de instalación de unha gran escultura relixiosa católica sobre a ermida do Monte da Guía.
Recursos Humanos	Copia de supostos prácticos do segundo exercicio, documento do tribunal cos contidos mínimos que debía incluír a resolución dos anteditos supostos prácticos ou documentación semellante do proceso selectivo dunha praza de técnico medio de Actividades culturais e educativas.
Transportes	Fecha publicación en sede electrónica do acordo da Xunta de Goberno de 5 de xuño de 2020, sobre a prórroga da concesión do transporte urbano á actual concesionaria.
Dirección de ingresos	Estudos, informes ou calquera outra documentación de carácter económico, administrativo, ou de calquera outra índole, do período comprendido 2010-2019 e copia das tarifas vixentes cada ano desde 2010-2019 en relación ao servizo de abastecemento de auga potable.
Secretaría Xeral	Solicitan copia do acta do Pleno de data 15/11/1193.
Administración electrónica	Solicitud de información sobre as notificacións practicadas polo Concello de Vigo e demais entes de dereito público no último ano.
Recursos Humanos	Textos das convocatorias de provisión das prazas fixas de Técnico de Deportes (Director deportivo-Xefe unidade tec. Deportiva IMD) realizadas ata a actualidade polo Concello de Vigo, así como as actas dos acordos tomados polos tribunais desas convocatorias.
Secretaría Xeral	Solicitud copia acordo pleno 16.10.1995 aprobación definitiva "ampliación do catálogo anexo ao PEEC".



2.2 Datos estadísticos

O interese polos asuntos públicos por parte da cidadanía é unha cuestión en continuo crecemento e con moi diversos indicadores, se ben, como xa foi aludido, o ano 2020 presentou unha serie de condicionantes que dificultan facer unha análise de datos estadísticos en termos interanuais en calquera ámbito, e polo tanto tamén no comportamento da cidadanía en relación ao exercicio do dereito de acceso á información pública.

Así no ano 2020, tal e como sucedeu cos accesos ao Portal de Transparencia, a tendencia de crecemento continuo do número de solicitudes de acceso á información pública presentadas no Concello de Vigo mudou de dirección e presenta datos dun descenso das solicitudes.



Debido aos poucos anos con rexistros, e as circunstancias especiais do ano 2020 será nos vindeiros anos nos que se poderá analizar con rigor se este descenso é unha cuestión conxuntural ou se pode ser un efecto da ampliación progresiva da información publicada no Portal de transparencia, e polo tanto accesible de xeito inmediato sen necesidade de solicitala.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 35 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado



CONCELLO DE VIGO

Secretaría del Gobierno Local
Expediente: 476/1102 – Indicador
Transparencia 154
Datos actualizados a 31.12.20
[Enlace ao indicador](#)

INFORMACIÓN ESTADÍSTICA


Número de solicitudes	
2016	3
2017	8
2018	12
2019	22
2020	18

Estado de tramitación	
Resolvidas:	61
En trámite:	0
Total:	61


Tipo de resolución	
Estimadas	39
Estimadas parcialmente	13
Desestimadas	6
Inadmitidas de pleno	1
Inadmitidas por traslado	2
Desistidas	0



Prazo de resolución	
En prazo:	45
Fóra de prazo:	16








Copia do documento - Concello de Vigo Data impresión: 21/01/2021 12:53 Páxina 1 de 7

Expediente 476/1102 CSV: 2FE986-833H2H-41B2A1-TH3DX9-G3DAN2-EH



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os datos estatísticos relativos ás solicitudes de acceso á información pública son obxecto de publicación a través dun informe mensual no Portal de Transparencia municipal ([ligazón](#)).

En relación ao desenvolvemento das tramitacións correspondentes ás solicitudes de acceso á información pública, o indicador sobre o cumprimento dos prazos de notificación das resolucións continúa sendo unha das áreas nas que se debe pór o foco.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 36 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ademais observando de forma paralela os tempos de resolución e os de notificación queda patente que nalgúns casos o incumprimento do prazo de notificación non está orixinado por unha falta de resolución en prazo.



3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE



3.1 Boas prácticas

Como administración innovadora, transparente e conforme aos principios de eficacia e eficiencia na xestión, son moitas as prácticas que se foron introducindo no marco da xestión diaria do Concello de Vigo. Algunhas destas medidas foron obxecto de recoñecemento como boas prácticas e como tales incorporáronse ao banco de boas prácticas da "Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá" da FEMP.



Este banco é de acceso público e libre, de modo que calquera persoa pode coñecer desde unha óptica neutral e homoxénea, que melloras e plans adóptanse nas entidades que ven recoñecidas ás boas prácticas, ao tempo que permite o benchmarking entre as entidades locais .

Cabe destacar que o Concello de Vigo é o único concello de Galicia que ten recoñecidas boas prácticas no devandito Banco e que a súa achega (sete boas prácticas) é superior á de concellos como o de Madrid.

Buenas Prácticas



DOCUMENTOS


- ▶ Ayuntamiento de Vigo - Registro electrónico de convenios como instrumento de publicidad y transparencia de los convenios municipales. (206.4Kb)
- ▶ Ayuntamiento de Vigo - Implantación del Observatorio de transparencia en el Portal de transparencia (115.0Kb)
- ▶ Ayuntamiento de Madrid - Información Herramientas de Participación directa e individual (727.0Kb)
- ▶ Diputación de Castellón - Herramientas Deman@ para el ejercicio del derecho acceso a la inf pública mpal (64.1Kb)



Boas prácticas recoñecidas:

- Transparencia no control xudicial da actividade municipal
- Grupo técnico de traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública
- Transparencia nos contratos menores
- Sistema de Acceso Electrónico Inmediato aos Expedientes da Xunta de Goberno Local polos membros da Corporación
- Fichas técnicas de indicadores de Transparencia
- Posta en funcionamento do Rexistro electrónico de convenios
- Implantación Observatorio de Transparencia
- Habilitación Formulario de satisfacción Portal de Transparencia
- Xestión estandarizada das SAIP
- Guía rápida envío información ao Portal de Transparencia
- Posta en funcionamento Portal de datos abertos
- Implantación sistema de accesibilidade web multifuncional nas webs municipais
- Introducción nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado

Estas prácticas caracterízanse por presentar unha dobre vertente, unha enfocada aos beneficios en termos de eficacia e eficiencia xa que todas teñen en común a procura da automatización, simplificación e estandarización dos procesos, e outra como instrumentos para conseguir unha maior transparencia na xestión, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 39 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Boas prácticas recoñecidas no ano 2020:

Portal de datos abertos ([ligazón](#))

O Concello de Vigo é consciente que os Datos Abertos constitúen un activo importante e de alto valor engadido para dar resposta ás novas demandas da sociedade e á creación de novos e máis innovadores produtos e servizos que contribuirán ao **desenvolvemento dunha sociedade máis avanzada** e que nos abre a porta a todo un abanico de posibilidades de crecemento económico e social, onde a apertura destes datos e a posta a disposición para a súa reutilización é imprescindible para dar resposta ás novas demandas da sociedade.

Os datos en posesión das AAPP permiten:

1. Impulsar a innovación e xerar valor e riqueza: Obtendo produtos derivados dos datos por parte dos emprendedores, universidades, empresas, compañías do sector reutilizador e a cidadanía en xeral. O Concello de Vigo pretende impulsar o emprendemento e a innovación coa creación desde portal de datos abertos da cidade.
2. Mellorar a interoperabilidade entre administracións: Facilitando a creación de servizos para a cidadanía que utilicen datos de diferentes administracións públicas. O Concello de Vigo xa está utilizando actualmente información de portais Open Data de outras administracións como datos meteorolóxicos, mapas e datos xeográficos, datos estatísticos, información de prezos de gasoleiras, información da DGT, ...
3. Ordenación interna da información da administración: Promovendo a eficiencia na documentación e clasificación de datos. A publicación de datos abertos ten o requirimento previo que estes estean estruturados, depurados e revisados. O datos centralízanse previamente na plataforma smart city mellorando a xestión interna da administración.

Para conseguir estes obxectivos o Concello de Vigo, no marco do "**Plan Municipal de Impulso da Reutilización da Información**" por acordo da XGL en sesión ordinaria do 24.01.20 creou e publicou o [Portal de datos abertos do Concello de Vigo](#) sendo accesible á cidadanía dende o 14.04.20.





A Norma UNE 178301:2015 de “Datos Abertos (Open Data). Cidades Intelixentes” establece que os datos abertos e a reutilización da información do sector público constitúen dous aspectos esenciais no camiño cara ás Cidades Intelixentes e o Goberno Aberto.

Por outra banda, coa publicación da Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa á reutilización da información do sector público, a Unión Europea deu un impulso importante aos datos abertos e ao fomento da súa reutilización nos Estados Membros.

O Portal de Datos Abertos (Open Data) creouse baixo a plataforma smart city municipal VCI+ e grazas as melloras incorporadas no proxecto da evolución da plataforma á VCI+2.0 que conta coa cofinanciación mediante os fondos FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se concede axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado “VIGO VERTICAL”.


O Portal ten máis de 140 conxuntos de datos (ou datasets) agrupados en 15 categorías:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 41 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ciencia e tecnoloxía
Comercio
Cultura e lecer
Demografía
Deportes
Educación
Enerxía
Medio Ambiente
Mobilidade
Sector Público
Saúde
Seguridade
Sociedade e benestar
Turismo
Urbanismo

Esta apertura da información constitúe un alicerce fundamental nas iniciativas de goberno aberto baseado na transparencia das políticas públicas e o fomento dunha democracia moito máis activa e participativa que, no noso ordenamento xurídico, é un feito que se viu materializado na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que recomenda a publicación da información en formato reutilizable, o Concello de Vigo profunda deste xeito na mellora continua das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno que acadaron un nivel moi superior ás obrigas legais.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 42 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Implantación sistema accesibilidade web multifuncional (**ligazón**)

O Concello de Vigo ten unha longa traxectoria no impulso da transparencia e do bo goberno, ámbito no que resulta fundamental dar prioridade á accesibilidade e difusión da información municipal xa que é consciente de que a información permite e facilita tanto a cidadáns como a empresas, exercer os seus dereitos e obrigacións ante a Administración, ao tempo que incrementa a transparencia administrativa.

Coa implantación dun sistema de accesibilidade web multifuncional, ademais de dar cumprimento aos requisitos legais básicos establecidos polo RD 1112/2018 sobre "accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público, preténdese conseguir un nivel máis de accesibilidade engadindo novas funcionalidades extra de accesibilidade ás webs municipais con novas ferramentas de navegación interactiva para persoas con discapacidades físicas, orgánicas, cognitivas ou intelectuais e persoas maiores con dificultades de navegación, permitindo a navegación mediante teclado, voz, pulsadores adaptados ou sopridos sobre un micrófono.

Para conseguir este obxectivo, e como unha das actuacións previstas no marco do proxecto "Vigo Vertical", a XGL en sesión ordinaria do 10.10.2019 acordou a contratación do subministro dun "Sistema de accesibilidade web multifuncional para as webs municipais vigo.org, Sede electrónica, Turismo e Transparencia", que xa ten amosados os seus primeiros impactos na usabilidade das ferramentas tecnolóxicas da cidadanía.

O sistema foi integrado nas seguintes webs municipais:

1. Web Oficial: <http://hoxe.vigo.org> (www.vigo.org) (En galego e castelán)
2. Web da Sede Electrónica: <https://sede.vigo.org> (En galego e castelán)
3. Web de Transparencia: <https://transparencia.vigo.org> (En galego e castelán)
4. Web de Turismo: <http://www.turismodevigo.org> (En galego, castelán, inglés, portugués e francés) (pendente de habilitación)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 43 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



E ofrece as seguintes funcionalidades:

- ✓ Lectura ao usuario tanto do contido como das opcións dispoñibles de tal maneira que poida navegar pola web e acceder aos devanditos contidos sen necesidade de visualizar a pantalla, así como con atallos de teclado e lectura de contidos TTS
- ✓ Recoñece comandos verbalizados polo usuario para que este poida navegar sen necesidade de utilizar as mans. O sistema ten un sistema de corrección de erros na captura da voz, para permitir a navegación en contornas ruidosas ou con mala vocalización do idioma.
- ✓ O sistema funciona nos principais navegadores de Internet de maior uso.
- ✓ Recoñece sons emitidos polo usuario para que este poida navegar sen necesidade de utilizar as mans nin vocalizar comandos.
- ✓ Permite a navegación mediante o uso exclusivo do teclado (é dicir, sen necesidade de utilizar o rato).
- ✓ Permite a navegación mediante o rato utilizando un teclado virtual xunto con elementos visuais que centren ao usuario simplificando e axudando na navegación.
- ✓ Permite axustar tanto o tamaño da información presentada como a combinación de contraste e cor, así como o uso de fontes para dislexia.
- ✓ Permite a navegación utilizando o teclado como un dispositivo pulsador que acciona un teclado de varrido de tal maneira que o usuario interactúa coa interface con punteiros de boca, diademas con punteiro, cos pés, pulsadores externos, etc.
- ✓ Permite que o usuario utilice o seu propio dispositivo de axuda á navegación (como por exemplo lectores de pantalla das persoas cegas)
- ✓ O sistema dispón dun motor de mellora automática do cumprimento das pautas da W3C, que se poderá medir con avaliadores automatizados de accesibilidade.
- ✓ O sistema proporciona navegación mediante atallos de teclado, lectura de



contidos con función de resaltar o texto lido e balizas de guiado. O lector de contidos dispón de velocidade variable que poderá ser activado e desactivado polo usuario durante a navegación sen necesidade de saír da navegación

- ✓ O sistema conta cun tutorial de uso accesible desde o primeiro acceso á ferramenta.
- ✓ Se deberán incluír polo menos os seguintes idiomas no tratamento (así como para os sistemas TTS e ASR):
 1. Castelán
 2. Galego
 3. Inglés
 4. Francés
 5. Portugués
- ✓ Para o seu funcionamento non é necesario un aparato de hardware complementario nin ningún programa nin alterar o sistema operativo do ordenador cliente.
- ✓ Realizaranse tarefas de difusión e crearanse vídeos explicativos accesibles, ao menos con subtítulos en galego e castelán, coa explicación do funcionamento da plataforma a nivel usuario e mostrando a demo sobre os contidos da web vigo.org
- ✓ Existe unha consola de administración centralizada para a xestión de tarefas de administración, estatísticas de uso, auditoría e trazabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15


Páxina 45 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A implantación deste sistema de accesibilidade web multifuncional enmárcase dentro do Obxectivo Temático 2 da Estratexia DUSI "Vigo Vertical": "Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións e o acceso a elas". E dentro deste obxectivo enmarcase a Liña de Actuación 2 "**Lanzamento dunha estratexia de accesibilidade TIC**", e a proposta de actuación de desenvolvemento da Operación denominada "**Estratexias de Accesibilidade TIC**" que ten como obxectivo a mellora na accesibilidade da información e dos servizos TICs por parte da cidadanía de forma xeral e con especial atención aos colectivos desfavorecidos. As actuacións a desenvolver dentro deste proxecto perseguen facer fronte á fenda dixital en todos os seus ámbitos, tanto na mellora da accesibilidade á información, mostrándoa de forma estruturada, sinxela e orientada a diferentes perfís, como na capacidade de acceso á canle (Internet, dispositivo,etc.), así como prestar unha especial atención a colectivos desfavorecidos con dificultades motoras, deficiencias visuais, etc.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 46 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Introdución nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas ([ligazón](#))

Dando continuidade á traxectoria do Concello de Vigo na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, a XGL en sesión ordinaria do 22.11.18 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do [Plan de Integridade na Contratación](#) e constituír un Comité Técnico para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación.

Plan de integridade na contratación

Dando continuidade á traxectoria do Concello de Vigo na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, a XGL acordou o 22/11/2018 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación.



Dende a súa constitución o Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública examinou o novo marco legal en materia de contratación pública dende a óptica da integridade así como as mellores prácticas que se poden adoptar na liña da mellora continua, concluíndo a necesidade de aprobar un marco estratéxico do Plan de Integridade que posibilite, por unha banda contar coas liñas e obxectivos estratéxicos aprobados polo órgano de contratación e, por outra, definir un ámbito de actuación eficiente e dinámico para a execución do mesmo a través dos obxectivos operativos.

Produto do traballo colaborativo desenvolvido polo nomeado Comité Técnico, o 12.12.19 a XGL en sesión ordinaria aprobou o documento "[Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico](#)".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 47 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17.12.19 procedeuse á aprobación do [Desenvolvemento operativo](#) do mesmo.

O desenvolvemento operativo artéllase sobre catro liñas estratéxicas de traballo, liñas que a súa vez estrutúranse nunha serie de obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos.

Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo	
Liñas Estratéxicas	
LE 1	Traballar coas persoas
LE 2	Tirarlle partido á tecnoloxía
LE 3	Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos
LE 4	Introducir o ciclo de mellora continua no sistema preventivo da integridade da contratación


Dentro do Obxectivo estratéxico 3.4. "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso" da liña estratéxica 3, estableceuse como obxectivo operativo a introdución de cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas, como un mecanismo máis de asegurar a integridade nos procesos de contratación municipais.

En desenvolvemento deste obxectivo operativo acordouse por resolución da Concellería delegada de Contratación de data 06.11.20 a incorporación ós pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares a seguinte cláusula:

“CLÁUSULA X.- CÓDIGO ÉTICO

1.- Os licitadores e contratistas, durante os procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- a) Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
- b) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
- c) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 48 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.

- d) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
- e) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
- f) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- g) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- h) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contradictorio”.


Así mesmo, incluírase no modelo de declaración responsable a presentar polos licitadores que recollen os pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares, o seguinte texto:

“COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO

.... (identificación do licitador) Manifesta que se compromete a cumprir co código ético regulado na cláusula 19.1 do prego que rexe esta contratación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 49 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 50 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DESAGREGADO A NIVEL DE OBXECTIVOS OPERATIVOS :

Amosar todas

1. TRABALLAR COAS PERSONAS

5

2. TIRARLE PARTIDO Á TECNOLOXÍA

6

3. RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS

8

3.1. Avaliar os riscos e as medidas

3.2. Facilitar os procedementos

3.3. Optimizar os procesos

3.4. Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso

3.4.1 Aprobado modelos de declaración de ausencia de conflito de interese

3.4.2 Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas

LE.3 RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS			
OE.3.4. Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso			
OO.3.4.2 Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas			
Data inicial	1/1/2020	Data final	31/12/2020
Descrición	Estudo, análise e redacción das cláusulas éticas que poderían introducirse nos pregos de condicións administrativas para previr conflitos de intereses e fomentar que os licitadores adopten medidas de integridade		
Accións	Introdución nos pregos de cláusulas administrativas de cláusulas éticas: a) Incorporando un modelo de declaración de compromiso co principio de integridade contractual e de obrigación de comunicación respecto dos conflitos de intereses a que a súa participación puidese dar lugar. b) Mediante a introdución de condicións especiais de execución que esixan un comportamento íntegro dos licitadores durante toda a vida do contrato		
Responsables	Político: Concellera de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal Técnico: Xefa do Servizo de Contratación		
Equipo	Responsable técnica	Dedicación	20 horas
	2 TAX Contratación		20 horas
	GI		(*10% xornada)
Medios alleos	Non	Custes internos	7.179,46 €
Seguimento	Aprobado modelo con declaración ética: si/non Aprobado modelo de condicións especiais de execución éticas: si/non		
Indicadores	Proporción de pregos que incorporan cláusulas éticas a) e b), polo menos 80%		

3.4.3 Crear un Comité de Integridade Contractual

4. INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA

1



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15


Páxina 51 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021


CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>


CATÁLOGO BOAS PRÁCTICAS MUNICIPAIS

 **Grupo técnico traballo de transparencia e acceso á información pública**, como órgano de apoio na xestión municipal da publicidade pasiva e garantía cidadá no exercicio do dereito de acceso á información pública.

[Ver ficha boa práctica](#)

 **Acceso electrónico inmediato aos expedientes da Xunta de Goberno Local polos membros da Corporación**, reducindo as cargas administrativas e mellorando as condicións no acceso á información.


[Ver ficha boa práctica](#)

 **Publicación automatizada e actualizada dos contratos menores**, incrementando os niveis de transparencia na contratación menor en relación ao período de actualización establecido legalmente.


[Ver ficha boa práctica](#)

 **Transparencia no control xudicial da actividade municipal**, aportando unha maior seguridade xurídica sobre a mesma.

[Ver ficha boa práctica](#)

 **Fichas técnicas de indicadores de transparencia**, como instrumento de garantía e subministro da información publicada no Portal de Transparencia.

[Ver ficha boa práctica](#)

 **Posta en funcionamento do rexistro electrónico de convenios**, como ferramenta de publicidade e transparencia dos convenios.

[Ver ficha boa práctica](#)



The screenshot shows a web page titled 'TRANSPARENCIA Buenas prácticas municipales'. It contains a list of seven items, each with a red ribbon icon and a brief description:

- Observatorio de transparencia, con datos específicos sobre los accesos al Portal de transparencia y a las distintas categorías de datos del mismo.
- Posta en funcionamento do rexistro electrónico de convenios, como ferramenta de publicidade e transparencia dos convenios.
- Transparencia en el control judicial de la actividad municipal, aportando una mayor seguridad jurídica sobre la misma.
- Grupo técnico de traballo de transparencia y acceso a la información pública, como órgano de apoio en la gestión municipal de la publicidade pasiva y garantía cidadana en el exercicio del dereito de acceso a la información pública.
- Publicación automatizada e actualizada de los contratos menores, incrementando los niveles de transparencia en la contratación menor en relación al período de actualización establecido legalmente.
- Acceso electrónico inmediato a los expedientes de la Junta de Goberno Local por los miembros de la Corporación, reducindo las cargas administrativas y mejorando las condiciones en el acceso a la información.
- Fichas técnicas de indicadores de transparencia, como instrumento de garantía y subministro de la información publicada en el Portal de transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 52 de 81

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH



Observatorio de transparencia, con datos específicos sobre os accesos ao Portal de Transparencia e ás distintas categorías de datos do mesmo.

[Ver ficha boa práctica](#)



Formulario de satisfacción del Portal de Transparencia, como medida de seguimento e avaliación do mesmo.

[Ver ficha boa práctica](#)



Estandarización tramitación interna solicitudes de acceso á información pública, co obxectivo de establecer un procedemento eficaz e áxil.

[Ver ficha boa práctica](#)



Guía rápida de envío de información ao Portal de Transparencia, a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.

[Ver ficha boa práctica](#)



Portal de datos abertos municipal, a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.

[Ver ficha boa práctica](#)



Implantación dun sistema de accesibilidade web multifuncional nas webs municipais, a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.

[Ver ficha boa práctica](#)



Introducción nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas, a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.

[Ver ficha boa práctica](#)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 53 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



3.2 Elaboración e aprobación do Catálogo de procedementos do Concello de Vigo

Coa entrada en vigor da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, estableceuse a obrigatoriedade do tratamento electrónico integral do proceso administrativo. A adaptación á tramitación electrónica derivou na implementación continua de procedementos de nova creación na xestión de expedientes municipal.

Unha vez que a totalidade da tramitación administrativa municipal se desenvolve por medios electrónicos, faise necesaria a realización das oportunas actuacións de racionalización, homoxeinización e simplificación dos procedementos electrónicos así como a elaboración do correspondente catálogo de procedementos, tanto a efectos efectos de optimización e axilización da actividade interna da administración municipal, como co gallo de que se converta nun instrumento máis de transparencia administrativa aplicada neste caso dende o inicio da tramitación administrativa e nunha fonte de información útil para a cidadanía á hora de relacionarse coa administración.

Por outra banda, esta posta en marcha da Administración electrónica esixe a aplicación dunha política de xestión documental adecuada que teña como punto final a instauración dun Sistema de Arquivo no seo da Institución. Esta política de xestión documental ten que abranguer todas as fases do ciclo de vida do documento electrónico, desde a súa creación ou captura na aplicación de xestión de expedientes até a súa conservación no Xestor de Arquivos que garanta a súa autenticidade, integridade e conservación, así como a súa accesibilidade.

Para poder acadar unha satisfactoria integración entre o xestor de expedientes e o xestor de arquivos, aquel ten que desenvolverse baixo unha serie de criterios mínimos establecidos tanto na Norma Técnica de Interoperabilidade do Expediente electrónico como na propia Política de Xestión Documental do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local o 12 de maio de 2017.

Tal como establece a Política de Xestión Documental no seu apartado 44, *no proceso de identificación de series documentais e os seus procedementos administrativos asociados será necesario contar coa colaboración dos órganos administrativos produtores da documentación.*



Así pois, e fixando como obxectivo a normalización e simplificación do catálogo de procedementos existente no xestor de expedientes do Concello de Vigo, iniciouse polo Servizo de Administración Electrónica en colaboración coa Secretaría de Goberno Local, responsable da Dirección do Arquivo municipal, un proceso de depuración dos procedementos existentes coa finalidade de aprobar o correspondente catálogo de procedementos e poder asociar a cada unha das series documentais e establecer a súa equivalencia co catálogo de procedementos do SIA.



A ditos efectos foi necesaria a realización dunha análise exhaustiva na que estiveron implicados todos os departamentos para poder asegurar así a súa adecuación ás funcións desenvolvidas por cada un deles, segundo o seguinte esquema de actuación:

ACCIÓN	DATA	ESTADO
-Remisión por parte de Administración Electrónica aos servizos dos procedementos existentes no Xestor de Expedientes divididos por departamentos.	Xuño 2018	Realizado
-Cribado, simplificación e normalización dos procedementos, enviados polos diferentes servizos, asociándoos coas denominacións do SIA.	Novembro 2018	Realizado
-Reunión dos responsables dos departamentos de Administración electrónica, Arquivo municipal e a Secretaría do Goberno Local para definir os traballos de elaboración do catálogo de procedementos dende a perspectiva da xestión documental.	17 xullo 2020	Realizado
-Remisión a cada servizo ou departamento dos seus procedementos simplificados e normalizados e apertura de prazo de alegacións.	17 agosto 2020	Realizado
-Revisión e presentación de alegacións por parte dos departamentos.	18 agosto a 22 setembro 2020	Realizado
-Finalización do prazo de presentación de alegacións e comezo da análise e estudo das mesmas.	23 setembro 2020	Realizado
-Asignación das series documentais cada un dos procedementos existentes no catálogo normalizado a efectos de adxudicar o metadato de clasificación a cada expediente de forma automatizada.	Novembro 2020	Realizado
-Revisión da asignación dos códigos de clasificación a cada procedemento coa colaboración dos diferentes departamentos.	Decembro 2020	Realizado
-Validación por cada servizo ou departamento da proposta definitiva dos seus procedementos simplificados e normalizados e da súa correspondente clasificación documental.	Xaneiro 2021	En proceso
-Aprobación dun documento integrado do Catálogo de procedementos e do cadro de clasificación.	Febreiro 2021	Pendente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15


Páxina 55 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Unha vez finalizado o dito proceso, tanto o cadro de clasificación como o catálogo de procedementos serán incorporados como anexos ao documento de Política de Xestión Documental. Así mesmo e a efectos de garantir a tramitación dos procedementos conforme as NNTTII, no seu momento, procederase á aprobación das guías de tramitación dos distintos procedementos polo Comité Técnico do ENI.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 56 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



3.3 Plan de integridade na contratación

Dando continuidade á traxectoria do Concello de Vigo na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, a XGL en sesión ordinaria do 22.11.18 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do [Plan de Integridade na Contratación](#) e constituír un Comité Técnico para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación.

Dende a súa constitución o Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública examinou o novo marco legal en materia de contratación pública dende a óptica da integridade así como as mellores prácticas que se poden adoptar na liña da mellora continua, concluíndo a necesidade de aprobar un marco estratéxico do Plan de Integridade que posibilite, por unha banda contar coas liñas e obxectivos estratéxicos aprobados polo órgano de contratación e, por outra, definir un ámbito de actuación eficiente e dinámico para a execución do mesmo a través dos obxectivos operativos, formulando á Concellería Delegada en materia de contratación a adopción do acordo respectivo.

Produto do traballo colaborativo desenvolvido polo nomeado Comité Técnico, o 12.12.19 a XGL en sesión ordinaria aprobou o documento "[Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico](#)".




Contar cun Plan de Integridade na contratación que se concreta a través deste marco estratéxico e que conta con obxectivos estratéxicos definidos e liñas de actuación permitirá unha mellora non só no plano da ética como estándar de integridade senón tamén da boa administración, acadando unha maior competitividade na concorrencia ás licitacións do Concello, polo que terá un impacto directo na relación calidade-prezo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 57 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das contratacións.

A súa configuración estruturase seguindo a metodoloxía internacional dos Marcos de Integridade Institucional (Integrity Frameworks) da OCDE e as liñas do Compliance no Sector Público (Public Compliance) como sistema de xestión de riscos de carácter preventivo, na liña das políticas públicas de vangarda, seguindo coa destacada acción de goberno en materia de transparencia e bo goberno.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 58 de 81
	Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO	
DESAGREGADO A NIVEL DE OBXECTIVOS OPERATIVOS	
LE.1	TRABALLAR COAS PERSOAS
OE.1.1	Aliñar e concienciar ás persoas
OO.1.1.1	Aprobar unha declaración institucional de integridade
OO.1.1.2	Aprobar un código de conduta
OE.1.2	Profesionalizar a contratación
OO.1.2.1	Reorganizar e dotar o departamento de contratación
OO.1.2.2	Capacitar en sistemas de prevención
OE.1.3	Asegurar a comunicación interna
OO.1.3.1	Establecer unha canle de comunicación
LE.2	TIRARLLE PARTIDO Á TECNOLOXÍA
OE.2.1	Non facer dúas veces o mesmo
OO.2.1.1	Integrar Xestión de Expedientes coa Plataforma de Contratación (PLACSP)
OO.2.1.2	Automatizar a remisión de datos aos órganos de control da contratación
OE.2.2	Establecer mecanismos de detección e alerta
OO.2.2.1	Establecer un mecanismo de seguimento e alerta do propio sistema
OO.2.2.2	Establecer un portal OPEN DATA
OO.2.2.3	Abrir un buzón electrónico de alertas
OE.2.3	Proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa
OO.2.3.1	Fomentar unha comunidade on-line de profesionalización
LE.3	RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS
OE.3.1	Avaliar os riscos e as medidas
OO.3.1.1	Elaborar un mapa de riscos da contratación
OE.3.2	Facilitar os procedementos
OO.3.2.1	Construír unha Instrución Xeral de contratación
OE.3.3	Optimizar os procesos
OO.3.3.1	Revisar e ultimar as guías de tramitación electrónica
OO.3.3.2	Elaborar os pregos de cláusulas administrativas xerais
OE.3.4	Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso
OO.3.4.1	Aprobar modelos de declaración de ausencia de conflito de interese
OO.3.4.2	Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas
OO.3.4.3	Crear un Comité de Integridade Contractual
LE.4	INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA
OE.4.1	Potenciar a planificación e a mellora continua
OO.4.1.1	Programar a contratación procurando a súa mellora global



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 59 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Unha vez aprobado o Marco estratéxico e para dar o debido desenvolvemento ás liñas estratéxicas establecidas no mesmo, o 19.12.19 por Resolución da concelleira-delegada de Contratación, como responsable política da execución do Plan, aprobouse o "[Desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na Contratación](#)".

TRANSPARENCIA

Plan de integridade na contratación

Dando continuidade á traxectoria do Concello de Vigo na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, a XGL acordou o 22/11/2018 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituir un Comité Técnico para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación.



- [Planificación da contratación municipal do ano 2020](#), aprobado por acordo da xunta de goberno local en sesión ordinaria do 27/12/2019
- [Programa Integridade na contratación e constitución comité técnico](#), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 22/11/2019. - [Ver en .odt](#)
- [Acordo do Plan de integridade na contratación](#) - [Ver en .odt](#)
- [Plan de Integridade na contratación - Marco estratéxico](#), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 12/12/2019. - [Ver en .odt](#)
- [Desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na contratación](#), aprobado por resolución da concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal do 17/12/19.

O Desenvolvemento operativo artículase nunha serie de obxectivos operativos consontes coas liñas estratéxicas trazadas do marco estratéxico, obxectivos elaborados procurando que reunisen as características SMART (específicos, medibles, alcanzables, realistas e temporais).

Para darlle visibilidade a esta acción municipal e fomentar o seu coñecemento xeral creouse un apartado específico no Portal de Transparencia municipal no que se poñen a disposición de toda a cidadanía os documentos aprobados ata o momento tanto no seu formato orixinal de tramitación administrativa, coma dun xeito desagregado (fichas obxectivos operativos) para facilitar a súa consulta.



DESAGREGADO A NIVEL DE OBXECTIVOS OPERATIVOS :	
1. TRABALLAR COAS PERSONAS	5
1.1. Aliñar e concienciar ás persoas	
1.2. Profesionalizar a contratación	
1.3. Asegurar a comunicación interna	
2. TIRARLLE PARTIDO Á TECNOLOXÍA	5
3. RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS	3
4. INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA	1

Como medida de desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación, para materializar o Obxectivo Operativo 4.1.1. "Programar a contratación procurando a súa mellora global", incluído no Obxectivo Estratégico 4.1 "Potenciar a planificación e a mellora continua", e dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de planificación da contratación, a cuxos efectos se formula esta proposta, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27.12.2019 aprobou a [Planificación da Contratación municipal para o ano 2020](#).

Reunións Grupo de Integridade na Contratación

DATA	OBXECTO
15/01/20	Deseño do cronograma das actuacións a desenvolver no marco do Plan durante o ano 2020.
05/05/20	Impacto da situación xerada pola covid-19 na contratación municipal.
05/11/20	Instrución contrato menor, Plan anual de contratación, creación Comité de Integridade na contratación e pregos tipo en materia de contrato de obras.
21/12/20	Instrución contrato menor, Plan anual de contratación e avaliación do estado de execución do Plan.

De conformidade co sistema de seguimento establecido no propio PIC, o Comité Técnico foi desenvolvendo as labores de seguimento e avaliación, tanto en síncrono como en asíncrono, dadas as especiais circunstancias da pandemia que produciron un impacto directo na actividade contractual, pola necesidade de proceder á suspensión de contratos e a súa modificación. Con todo, os estándares de publicidade activa,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 61 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

incluída a contratación de emerxencia mantivéronse en niveis satisfactorios e o desenvolvemento das Liñas estratéxicas do plan se foi levando a cabo de conformidade coa programación prevista, sen prexuízo de proceder, no seu caso, a unha reprogramación, á vista do mantemento das especiais dificultades asociadas á pandemia.

Premio CNIS 2020 ao mellor proxecto de adecuación á Lei de Contratos do Sector Público

Os premio CNIS recoñecen as boas prácticas e as experiencias realizadas polas administracións pioneiras en aplicación das normativas máis recentes en vigor, a Administración electrónica, innovación e transformación dixital, cidades intelixentes, goberno aberto, transparencia e outras novas áreas de desenvolvemento das nosas administracións que aporten valor aos servizos públicos e ás persoas que as serven.



Polo que o Plan de Integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo como proxecto innovador e único en relación coa adecuación da xestión á Lei de Contratos, revelouse como o proxecto idóneo para presentar á candidatura a categoría dos premios correspondente ao "Mellor proxecto de adecuación á Lei de Contratos do Sector Público" na [edición CNIS 2020](#).

A urxencia da contratación electrónica, a nova regulación dos contratos menores, a aparición de diferentes modelos de tramitación, entre outros aspectos do novo marco legal, colapsou desde a aprobación da Lei 9/2017, en novembro de 2017, os esforzos de xestión na contratación pública, deixando nun segundo plano unha clara obrigação legal de garantía das obrigacións de integridade na contratación pública.

Estas obrigacións, enmarcadas no principio de integridade, enunciado no artigo 1 da lei e, por tanto, informando a contratación pública concrétese no artigo 64 da mesma, ao impor aos órganos de contratación a obrigação de adoptar as medidas adecuadas para:

- Loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción
- Prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que



poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os licitadores. Prestando especial atención aos conflitos de intereses.



O Plan de Integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo constitúe un proxecto innovador para adecuar a xestión municipal da contratación pública á Lei de Contratos, conectando dita xestión con técnicas de Compliance e os marcos de integridade institucional da OCDE. Aproveitando a metodoloxía do traballo colaborativo, pilotado polo Comité Técnico do Plan coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais, a elaboración dun Plan que descende da teoría á práctica, coa concreción das fichas de obxectivos operativos e preséntase como unha práctica única no conxunto do panorama da contratación pública.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 63 de 81


Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4. PLAN DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA TRANSPARENCIA E O BO GOBERNO

Ao longo do 2020 os traballos de seguimento e avaliación da transparencia municipal desenvóléronse de forma regular a través de reunións telemáticas periódicas dos integrantes e a responsable do programa de Implementación da Lei de transparencia do Concello de Vigo.



Reunións

DATA	OBXECTO
10/01/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
16/01/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
23/01/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
06/02/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
19/02/20	Revisión prototipo actualización páxina Plan de seguimento e avaliación
26/02/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
09/03/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
06/04/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
13/04/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
22/04/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
29/04/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
07/05/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.



11/05/20	Creación dun sistema de alertas de actualización de Indicadores de Transparencia
14/05/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
29/05/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
08/06/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
17/06/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
19/06/20	Reunión conxunta con Administración electrónica e o técnico de arquivos para tratar cuestión técnicas da elaboración do catálogo de procedementos.
17/07/20	Reunión conxunta co técnico de arquivos sobre o proceso de elaboración do catálogo de procedementos.
05/08/20	Implementación do sistema de alertas de actualización de Indicadores de Transparencia.
01/10/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
19/10/20	Seguimento proceso elaboración catálogo de procedementos.
03/11/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.
27/11/20	Desenvolvemento das liñas de intervención sobre a transparencia municipal e seguimento das solicitudes de acceso á información pública.

A parte das tarefas ordinarias de seguimento da tramitación das solicitudes de acceso á información pública, e das propias da implementación continua de novos contidos e melloras de deseño no Portal de Transparencia, ao longo do 2020 houbo dous proxectos que centraron de xeito importante os esforzos do persoal adscrito ao programa de transparencia, un foi a xa nomeada elaboración e aprobación do **Catálogo de procedementos municipal** e o outro foi o deseño e posta en funcionamento dun **sistema de alertas** na aplicación de xestión de expedientes empregada para a tramitación administrativa.

Sistema alertas actualización dos indicadores de transparencia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 65 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A automatización dos procesos foi unha máxima que orientou de xeito constante os traballos desenvolvidos en materia de transparencia, especialmente no ámbito de xestión do Portal de transparencia municipal.

Por iso é polo que un dos obxectivos fixados para o ano 2020 fose incardinar precisamente esa automatización ás tarefas de actualización do Portal de transparencia a través do desenvolvemento técnico informático dun sistema de alarmas que a través da base de datos na que se atopa toda a información dos indicadores de transparencia e os seus correspondentes prazos de actualización establecidos xerese unha alerta en consonancia con eses prazos, alerta que lle aparecerá ao correspondente responsable da información ao acceder á aplicación da xestión de expedientes.

Para o éxito desta ferramenta é indispensable o compromiso e implicación de todos os servizos municipais, polo que dende a Secretaría do Goberno local, se levaron a cabo as pertinentes tarefas de información previa aos servizos, rematando cun procedemento formal (expte. 889/1102) de solicitude de designación de responsables iniciado o 11.11.2020 e dirixida ás xefaturas de área e de servizo.

Con esta medida búscase garantir a actualización, e por tanto a calidade, da información publicada no Portal de transparencia.

Premio do CEMCI "*Prácticas municipales exitosas*" ao Plan de Seguimento e Avaliación.

Os premios CEMCI de Investigación e Boas Prácticas Municipais convocados polo Centro de Estudos Municipais e Colaboración Internacional, enmárcanse non "Proxecto Estratéxico de Creatividade e Mellora Continua" que ten como obxectivo potenciar a investigación pública local, perfeccionando os actuais e novos servizos do ámbito local. Na IV edición dous premios CEMCI



ou Concello de Vigo foi premiado na modalidade "*Prácticas municipales exitosas*" polo proxecto municipal "Plan de seguimento e avaliación da transparencia e bo goberno municipal", como ferramenta ideal para orientar e aderezar as políticas e actividades municipais para a consecución dunha organización transparente e responsable, para identificar e establecer prioridades con ese mesmo obxectivo e para proporcionar un soporte que permita a perduración non tempo deste proceso de transformación continua dá administración municipal.



Este premio recoñece a idoneidade do artellamento e coordinación das políticas municipais en materia de transparencia a través deste instrumento de planificación.

Na Memoria esixida como requisito de candidatura examínase con profusión a metodoloxía, obxectivos, medidas adoptadas e resultados obtidos en aplicación do nomeado Plan. Engadindo unha análise comparativa entre a “Metodología de evaluación y seguimiento de la transparencia de la actividad pública” (MESTA), sistema oficial de cumprimento da transparencia que inclúe un sistema de autoevaluación, e a solución adoptada polo Concello de Vigo co Plan de Seguimento e Avaliación.

Este estudo comparativo mostrou de xeito claro o éxito do traballo realizado no marco do Plan.

Tabla I. Criterios de valoración en publicidad activa.

OBLIGACIONES DE TRANSPARENCIA EN PUBLICIDAD ACTIVA			
I N F O R M A C I Ó N	PUBLICACIÓN DE LA INFORMACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOPORTE WEB
	CRITERIOS		CRITERIOS
	Contenido de la Publicación	100 PUNTOS	Accesibilidad
	Forma de la Publicación	100 PUNTOS	Estructurada
	Actualización de la Publicación	100 PUNTOS	Lugar de la Publicación
	ATRIBUTOS DE LA INFORMACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	Disponibilidad de <i>banner</i>
	CRITERIOS		
	Accesibilidad	100 PUNTOS	
	Claridad	100 PUNTOS	
	Estructurada	100 PUNTOS	
	Reutilización	100 PUNTOS	

O método MESTA contempla 11 variables referidas á publicidade activa¹.

O Plan de Seguimento integra todos estes criterios, desenvolvidos nas diferentes medidas adoptadas na súa execución.

1. Publicación da información

- Contido da Publicación

No informe MESTA identifícanse 60 ítems de información de obrigada publicación en base ao previsto na Lei 19/2013.

1 Fuente: Informe final Metodología de evaluación y seguimiento de la transparencia de la actividad pública www.aeval.es



No Concello de Vigo optouse por completar estas obrigacións, que deixan fose áreas da actividade municipal tan importantes como as relativas ao persoal, urbanismo ou a participación cidadá; cos indicadores establecidos por Transparencia Internacional así como coas suxestións que se recollen dos usuarios do Portal de Transparencia sobre información que lles poida resultar de interese.

- **Forma da Publicación:** *o método MESTA diferencia entre a publicación que se realiza de forma directa e a publicación indirecta, cando aparece a información con links ou ligazóns que sitúan ao cidadán na páxina web no que se atopa a información, pero non directamente no contido buscado.*

No Portal de Transparencia do Concello de Vigo actualmente toda a información publícase de forma directa, maioritariamente en forma de arquivos.

- **Datación e Actualización da Publicación:**

Coa implantación da tramitación interna para a remisión da información a publicar no Portal de Transparencia a través da aplicación de Xestión de expedientes hase automatizado a datación da información publicada a través da correspondente firma electrónica que presentan os documentos tramitados para a súa publicación.

2. Atributos da información

- **Accesibilidade:** *A facilidade ou dificultade de accesibilidade avalíase en función do número de clics necesarios para chegar á información, sempre empezando a contar desde a páxina inicial da web/ portal de transparencia.*

Toda a información dispoñible no Porta de Transparencia do Concello de Vigo é accesible a través dun número máximo de 3 clics, que que está valorado coa puntuación máxima no método MESTA.

- **Claridade:** Valórase que se empregue “un linguaxe fácil de entender para o público xeral ou que existan axudas, tutoriais, glosarios ou comentarios aclaratorios” no caso de ter unha linguaxe complexa.

No Portal de transparencia do Concello de Vigo inclúense explicacións relativas aos indicadores de transparencia máis complexos, especialmente nos de carácter económico, onde se detalla o método de cálculo utilizado para facilitar a súa comprensión.



- **Estrutura:** *A información preséntase cunha disposición que permite ao cidadán unha lectura ordenada e organizada.*

A información publicada preséntase maioritariamente a través da propia documentación administrativa da que se extrae, o cal achega a en por si unha organización estandarizada e ordenada.

- **Reutilización:** *A información ten que ser reutilizable acordar co establecido pola Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, e na súa normativa de desenvolvemento. Este apartado mide a cantidade de datos reutilizables e o seu formato.*

A este respecto xa se fixo mención á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local o 11.10.2018 da definición dos formatos editables asociada a cada indicador de transparencia da xestión municipal, deixando patente o compromiso da organización municipal o aumento continuo da información publicada neste tipo de formatos.

3. Soporte web

- **Accesibilidade:** *Para ver se a web é accesible (tamaños de letra adecuados, contraste, estrutura do código HTML) séguense os criterios do Informe do Observatorio de Accesibilidade baseados no estándar UNE 139803:2012 (WCAG 2.0).*

Na última análise realizada polo Observatorio de Accesibilidade Web do Ministerio de Política Territorial e Función Pública do 19 de novembro de 2018 e publicado en xaneiro de 2019, a web do concello de Vigo www.vigo.org obtivo unha valoración de 9.05 puntos sobre 10 situando á web de Vigo na posición 1 de entre os 50 municipios máis poboados de España.

- **Estrutura:** *Neste apartado compróbase se a información segue a estrutura da Lei ou está máis ou menos estruturado, de forma que facilite a identificación e procura de información ao cidadán.*

Tras a reestruturación do Portal de transparencia, a información organízase de forma moi clara en categorías e indicadores numerados, que facilitan a navegación dos usuarios

- **Lugar da Publicación:** *Lugar dentro da páxina web da entidade no que se publican as obrigacións de transparencia.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 69 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As obrigacións de transparencia publícanse no Portal de transparencia municipal, accesible a través da web municipal.

- Dispoñibilidade de banner: ¿Ten un banner propio de transparencia?. É un criterio adicional que non é obrigatorio na Lei de Transparencia pero aquí si se recolle.

O Portal de Transparencia do Concello de Vigo conta cunha icona propia facilmente identificable entre os principais apartados de información visibles na web municipal.

Os resultados constatados en aplicación do Plan de seguimento e avaliación fixérono merecedor do outorgamento do premio na categoría "Prácticas municipais exitosas" na IV edición dos Premios **CEMCI**. Premio que abrangüa unha dotación económica de 3.500 euros e a edición e **publicación** do documento do estudo presentado para a candidatura candidatura.

The screenshot shows the CEMCI website interface. At the top, there is a navigation bar with 'Iniciar sesión' and 'Registrarse' buttons, and a search bar. Below the header, a sidebar on the left contains menu items: 'Formación', 'Centro de Documentación Virtual', 'Investigación', and 'Revista CEMCI'. The main content area displays the title 'Plan de seguimento y evaluación de la transparencia y buen gobierno' by the Secretaría de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo. It lists publication details: 'Colección: Premios CEMCI, 10', 'Año de publicación: 2020', 'N.º de páginas: 194', 'ISBN-13: 978-84-16219-39-1', 'ISBN-10: 84-16219-39-7', 'Depósito Legal: GR 1034-2020', and 'Precio: 18,00 €'. A 'Resumen' section follows, describing the work as a result of the 'Prácticas municipales exitosas' award and detailing its focus on digital transformation in the administration.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Página 70 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. TRANSPARENCIA MUNICIPAL NA CONTORNA DA COVID-19

Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS), á vista dos datos de propagación e gravidade, declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Este feito impulsou que con data 12 de marzo por Resolución de Alcaldía se acordara a creación dun [Comité de Seguimento de evolución do COVID-19](#) coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimasen necesarias.

Este comité, presidido polo Alcalde, ten a seguinte composición:

- Segundo Tte. de Alcalde, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Terceira Tte. de Alcalde, D^a Elena Espinosa Mangana
- Cuarta Tte. de Alcalde D^a M^a José Caride Estévez.
- A Concellera-Delegada de Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño
- Secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña
- Titular da Asesoría Xurídica Municipal, D^a Margarita Parajó Calvo
- Interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso
- Intendente da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz



Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias.

Nos días, semanas e meses sucesivos foron adoptándose numerosas medidas a efectos de xestionar a situación xerada pola crise sanitaria, medidas que abrangueron tódolos ámbitos, dende cuestións prácticas para a xestión da crise como a definición de aforamentos nas instalacións municipais ou o establecemento de servizos mínimos de asistencia presencial nas dependencias municipais ata medidas de protección directa das persoas como o establecemento dun servizo de cátering a domicilio ou a ampliación dos recursos municipais para aloxamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 71 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Toda a información xerada púxose a disposición da cidadanía a través dun apartado específico na web municipal, [Información Crise Coronavirus Covid-19](#), dende o día 15 de marzo de 2020.

The screenshot shows the official website of the Concello de Vigo. The main navigation bar includes 'Inicio', 'Concello', and 'Información Crise Coronavirus Covid-19'. The left sidebar lists various municipal services. The main content area is titled 'INFORMACIÓN Crise Coronavirus Covid-19' and contains several sections:

- Comité de seguimento:** A committee created to monitor the COVID-19 situation in Vigo.
- Resolución de medidas:** A list of measures including suspension of public acts, school closures, and minimum services.
- Medidas adicionais:** Additional measures like the CECCOP center, home care services, and alternative food distribution.
- Atención presencial con cita previa:** Information on how to book appointments for municipal services.
- Axudas de Benestar Social:** A list of social aid programs for families, the elderly, and those in need of food.
- Máis información:** Links to family support and other resources.
- Ingreso Mínimo Vital:** Information on the state minimum income.
- Obrigacións tributarias:** Clarification on tax procedures during the crisis.
- Asesoramento a empresas e emprendedores:** Support services for businesses and entrepreneurs.
- Voluntariado e participación Covid-19:** Information on volunteer opportunities.



Copia do documento - Concello de Vigo

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/02/2021 10:15


Páxina 72 de 81

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Debido as numerosas implicacións que se foron revelando produto desta situación especial e en consecuencia a variedade dos aspectos obxecto de regulación, a información publicada sistematizouse en diferentes apartados para facilitalo seu acceso e comprensión:

- Resolucións de medidas**
- Atención presencial con cita previa**
- Axudas de benestar social**
- Ingresos mínimo vital**
- Obrigacións tributarias**
- Asesoramento a empresas e emprendedores**
- Voluntariado e participación covid-19**
- Violencia de xénero**
- Saídas da poboación infantil durante o estado de alarma**
- Transporte público**
- Estacionamento e prazas de carga e descarga**
- Cultura:** ConfinArteconCultura@vigo.org
- Deporte en casa**

As visitas ao módulo de información Covid-19 lanzan como resultado que houbo dous momentos claros nos que esta situación e as súas implicacións levantaron maior interese entre a cidadanía, durante os meses do maio e novembro. Sendo o número total de accesos dende o 15 de marzo data o 31 de decembro 2020 de 55.336.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 73 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E co gallo de asegurar a máxima difusión da información en materia da crise covid-19 empregouse como canle adicional a APP Vigo.



En termos de información á cidadanía, e dado o volume diario de de persoas que eran atendidas presencialmente nas instalacións municipais, a adaptación e reorganización dos recursos para poder seguir ofrecendo esa atención de proximidade ás persoas tornouse nun reto a desenvolver coa prema e urxencia que demandaba a situación.

Inicialmente, e para dar unha resposta inmediata, e coincidindo coa reapertura dos servizos municipais ao público na entrada á fase II do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, con data 18.05.2020 implantouse na web municipal un sistema de solicitude de cita previa co período de solicitude habilitado para o día 25.05.2020, día no que o territorio de Galicia entraba na fase II.



Este sistema foi desenvolvido polo servizo de Administración Electrónica a partir dun modelo xa existente para a xestión da cita previa do servizo de Benestar Social, e ampliouse para que abranguese aos tódolos servizos con atención ao público. Así este sistema permitía solicitar cita para os seguintes servizos:

- Ingreso mínimo vital
- Carpeta cidadá
- Educación - Vigo en Inglés
- Estatística-padrón
- Recadación voluntaria
- Recadación executiva
- Rexistro xeral
- Servizo de Orientación Laboral

De forma paralela púxose en marcha un procedemento de contratación para a adquisición dun software de cara a aumentar as utilidades na xestión da cita previa dos servizos municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 75 de 81

Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

6. CONCLUSIONES

A análise e exposición do desenvolvemento das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno ao longo do ano 2020 require tomar en consideración un factor disruptivo e exógeno como foi a aparición da pandemia polo virus COVID-19 e o impacto que a dita circunstancia tivo no desenvolvemento da actividade municipal e nas relacións coa cidadanía, marcadas por situacións inéditas e extraordinarias, como a declaración do estado de alarma, a suspensión dos prazos administrativos e o confinamento, e a configuración dunha nova realidade marcada polo distanciamento social e un reequilibrio nas prioridades de información por parte da cidadanía.

Dito contexto impulsou fortemente a dixitalización de ditas relacións, ámbito no que o Concello de Vigo se atopaba xa en boas condicións, tal e como se pode comprobar na consulta ás sucesivas memorias de transformación dixital publicadas no Portal de transparencia municipal, máxime en relación coas obrigas legais de cumprimento dos deberes en materia de publicidade activa en formato electrónico e na posibilidade de tramitar as solicitudes de acceso á información íntegramente a través de medios electrónicos.

Cómpre, no obstante, sinalar que por mor desta situación resulta difícil valorar os datos estadísticos postos de manifesto nesta memoria en relación coa serie histórica previa, dada a necesidade de coñecer o impacto que as extraordinarias circunstancias tiveron no conxunto da cidadanía e nos posibles cambios conductuais derivados das mesmas. Será, polo tanto, preciso esperar a analizar os rexistros dos próximos anos para comprobar a evolución nas tendencias.

A pesares do impacto que a dita situación tivo no conxunto dos medios persoais e materiais para continuar atendendo as ditas obrigas, non se observa impacto negativo, ao contrario, ponse de manifesto unha xestión áxil e eficaz que permitiu o seguimento da liña de traballo

Neste contexto pódense formular unha serie de conclusións sobre o desenvolvemento da actividade municipal durante o ano 2020 en termos de transparencia e bo goberno, destacando, en particular:

- A creación dun espazo web específico para ofrecer información puntual e actualizada ao conxunto da cidadanía, sobre a situación xerada pola Covid-19, tanto dende o punto de vista interno, publicando os acordos municipais de impacto no desenvolvemento de actividade, como externos, incluíndo toda a información relevante e enlaces de intereses.



- Mantemento das obrigas de publicidade activa durante todo o exercicio incluíndo na publicidade dos contratos de emerxencia na plataforma de Contratos do Estado, na sede electrónica e no Portal de Transparencia, nun contexto de irrupción do traballo en remoto, co persoal municipal confinado e atendendo necesidades extraordinarias nun marco normativo inédito.
- A pesares das dificultades do contexto, introducíronse dúas ferramentas creadas especificamente para facilitar o acceso á información á cidadanía. Por unha banda, un apartado específico no portal de transparencia para visualizar directamente os últimos contidos incorporados, baixo o título "Últimos datos actualizados", e, por outra banda, traballouse na creación e posta en funcionamento dunha Newsletter de subscrición voluntaria para aquelas persoas que queiran recibir información sobre os contidos actualizados e de relevancia do Portal de Transparencia, podendo segmentar o grupo de información á que quere subscribirse, seguindo a estrutura do Portal de Transparencia, apréciase unha importante mellora nas respostas dos usuarios, nalgunha delas reflectindo un incremento de 20 puntos.
- Procedeuse á elaboración do Catálogo de procedimentos, fixando como obxectivo a normalización e simplificación do catálogo de procedementos existente no xestor de expedientes do Concello de Vigo, iniciouse polo Servizo de Administración Electrónica en colaboración coa Secretaría de Goberno Local, responsable da Dirección do Arquivo municipal, un proceso de depuración dos procedementos existentes coa finalidade de aprobar o correspondente catálogo de procedementos e poder asociar a cada unha das series documentais e establecer a súa equivalencia co catálogo de procedementos do SIA, alineando así dun xeito definitivo a política de xestión documental no marco das políticas municipais e transparencia.
- Implantouse un sistema de alertas de actualización dos indicadores de transparencia, mediante a automatización ás tarefas de actualización do Portal de transparencia a través do desenvolvemento técnico informático dun sistema de alarmas que a través da base de datos na que se atopa toda a información dos indicadores de transparencia e os seus correspondentes prazos de actualización establecidos xerese unha alerta en consonancia con eses prazos, alerta que lle aparecerá ao correspondente responsable da información ao acceder á aplicación da xestión de expedientes. Con esta medida búscase garantir a actualización, e por tanto a calidade, da información publicada no Portal de transparencia.

O Plan de avaliación e seguimento preséntase como un proceso vivo e dinámico en permanente revisión para a súa mellora, como esixen os exercicios de rendición de contas, que vehícula a transparencia do conxunto da actividade municipal, e facendo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2021 10:15

Páxina 77 de 81


Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021

CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

unha breve síntese sobre o seu desenvolvemento durante o ano 2020, e sempre, coa perspectiva dunha xestión lastrada pola pandemia, e as súas consecuencias no marco da xestión pública, pódense destacar os seguintes elementos

- Recoñecemento de boas prácticas municipais a 7 liñas de acción das políticas públicas en materia de transparencia, sendo o Concello de Vigo o único concello de Galicia que ten recoñecidas boas prácticas no devandito Banco e a súa achega é superior á de concellos como o de Madrid.
- Consolidación da promoción da apertura de datos (Open Data) do sector público, e durante o ano 2020 non só se adoptaron acordos específicos como a posta en funcionamento do Portal de Open Data, senón que se incluíron algúns núcleos de información de especial impacto, como o relativo aos contratos menores.
- En termos absolutos, o número de accesos ao Portal de Transparencia municipal dende o ano 2016 é de **469.480** . Durante o ano 2020 obsérvase un certo descenso, como xa se indicou, probablemente con orixe na situación de pandemia, totalizándose en termos anuais, en 111.333, si ben se observa tamén o maior pico de consultas no mes de maio de 2020 da serie histórica.





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Página 78 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Visión general de la audiencia



1 ene 2020 - 31 dic 2020

Visión general



No exercicio 2021 asumimos novos retos derivados da finalización do programa temporal de Transparencia, no que tocará comprobar o grado de madurez da organización en canto á interiorización das obrigas municipais en materia de transparencia e bo goberno. A ditos efectos, precisamente, durante o ano 2020 una liña de traballo orientouse especificamente a automatizar a publicación da información vinculadas a aqueles indicadores nos que foi posible, por unha banda, e, por outra, a deseñar un sistema de alertas, que facilite aos servizos xestores, como responsables nos seus respectivos ámbitos, o debido cumprimento dos elevados estándares do Concello de Vigo. É precisamente dito nivel de calidade o que esixe valorar o redimensionamento dos efectivos persoais da Secretaría de Goberno Local e Administración Electrónica, sinaladamente, para seguir mantendo o mesmo, e continuar na senda de mellora continua que se ten instaurada dende a aprobación da normativa en materia de transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 79 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para rematar, neste ano 2020 debemos situar como un feito destacado a obtención do recoñecemento do Plan de avaliación e seguimento da transparencia e do goberno do Concello de Vigo, co **Premio a Práctica Municipal Exitosa polo CEMCI na súa IV edición**, recoñecendo así o traballo destacado, en termos de transparencia municipal que se leva a cabo mediante esta ferramenta.



DATA E SINATURA DIXITAL.

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA. CONFORME, A CONCELLEIRA DELEGADA DE XESTIÓN MUNICIPAL: PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO

Esta memoria foi elaborada dende a Secretaría de Goberno Local polo equipo municipal de Transparencia, tanto persoal da Secretaría como corresponde ao programa, e a colaboración imprescindible do conxunto das áreas e servizos con especial intensidade no caso do Servizo de Administración Electrónica, e a conformidade da Concellería Delegada de Xestión Municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 10:15	Páxina 81 de 81
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/02/2021	CSV: 26E486-DEB147-55DFEH-LQ2Y9R-GC2YR1-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		